

Novembro 2017

A Consellaría incorpora 23 novos centros catalogados como de especial dificultade á listaxe presentada na Mesa Sectorial

A modificación da orde responde á demanda da CIG-Ensino de revisar o anexo entregado neste órgano de negociación. Educación tamén incorpora na orde que en breve se publicará no DOG a nosa solicitude de que a puntuación polo apartado 1.1.3 no Concurso de Traslados se faga efectiva desde que os centros cumpren o requisito da especial dificultade e non desde o 1 de setembro como inicialmente prevía a Consellaría

Vinte e tres novos centros pasan a ter a consideración de “centros de especial dificultade”, unha denominación na que se inclúen todas as unitarias do país, os centros de educación especial, os centros con aulas específicas de EE e os centros penitenciarios e que ten efectos na puntuación do concurso.

O día 1 de setembro a CIG-Ensino solicitou por escrito á Consellaría a actualización destes centros xa que o peche de unidades en centros incompletos tiña convertido en unitarias algunhas escolas e a apertura de aulas de EE en CEIP non estaba actualizada, co que supuña de discriminación na puntuación que se atopaba nestes casos.

En resposta á solicitude da CIG-Ensino, a Consellaría levou á Mesa Sectorial do 24 de outubro unha modificación da orde cun novo anexo. Á vista da proposta, a CIG-Ensino solicitou que non se publicara a orde até que se revisaran os centros que desde o sindicato indicamos que faltaban na relación. Posteriormente, o 30 de outubro o sindicato rexistrou un escrito cunha relación de centros a incluír no anexo.

Os efectos non serán desde a data de publicación no DOG, nin desde o 1 de setembro, como propuña a Consellaría, senón desde o momento no que o centro cumpriu efectivamente os requisitos (desde que pasou a ser unha unitaria ou desde que se habilitou ou creou unha aula de EE específica).

Como puntúa a especial dificultade?

- Puntúa no apartado 1.1.3. con 2 puntos por ano. É unha puntuación con-sumíbel. Unha vez que marchamos do centro perdemos esa puntuación.
- É válida tanto para profesorado provisional como definitivo.



CEIP Marquesa do Pazo da Mercé, As Neves

- Só puntúa mentres se está no centro e só se está realmente nel: unha mestra definitiva nunha unitaria en comisión de concilia noutro centro non puntúa mestres estea fóra da unitaria.
- Ao contrario, cando unha persoa definitiva está provisionalmente (comisión de servizos) nun centro de especial dificultade puntuará por este apartado. Así, un mestre con destino en comisión de saúde nunha aula específica de EE dun CEIP puntuará ese ano por especial dificultade.
- Aínda que afecta maioritariamente ao profesorado do corpo de mestres tamén puntúa no corpo de PES no caso de docentes que teñen destino nun Centro Penitenciario.

Importante que revisemos a puntuación

Todo cambio pode supoñer que se produzan erros e máxime nun caso como este no que os efectos da puntuación ten carácter retroactivo até o momento da creación da aula ou da transformación en unitaria.

Aconsellamos a todo o profesorado afectado que teña actualmente destino nos centros considerados de especial dificultade que revise a vosa puntuación, tendo en conta que deben aparecer 2 puntos por ano desde que se ocupa esa praza. En caso de dúbida, como sempre, podedes consultar nos locais da CIG-Ensino.

Centros engadidos ao respecto do borrador entregado na Mesa

CÓDIGO	CONCELLO	CENTRO
15002761	Carnota	CEIP de Carnota
32000058	Allariz	CEIP Padre Feijóo
32004118	Coles	CPI Antonio Failde
32006553	Maceda	CEIP de Maceda
32002951	O Carballiño	CEIP Calvo Sotelo
32016029	Pereiro de Aguiar	CEIP Ben-Cho-Shey
32009153	Ourense	CEIP Mariñamansa
32009360	Ourense	CPI José García García
32016327	Ourense	CEIP A Ponte Ourense
32015190	Ourense	CEIP Albino Núñez
32015669	Ourense	CEIP Mestre Vide
32008768	Ourense	CEIP O Couto
32008793	Ourense	CEIP Manuel Luís Acuña

CÓDIGO	CONCELLO	CENTRO
32015177	Padrenda	CPI de Padrenda-Crespos
32011305	Ribadavia	CEIP Tomás de Lemos
32004829	Xinzo da Limia	CEIP Rosalía de Castro
36017648	Mos	CEIP Mestre Valverde Mayo
36005555	As Neves	CEIP Marquesa do Pazo da Mercé
36024756	Nigrán	CEE de Panxón
36007709	Redondela	CEIP de Santo Paio de Abaixo
36009524	Tomiño	CEP Pedro Caselles Beltrán
36009846	Tui	CEIP Plurilingüe nº 1
36017697	Vigo	CEIP Escultor Acuña



CEIP Escultor Acuña, Vigo

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal